

Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do corpo de auxiliares de carácter técnico de administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos Grupos IV e V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo B: Galego

NON abra o cuestionario ata que se lle indique

1. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:
 - a) Cando a lei así o declare expresamente.
 - b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
 - c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.
2. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de (artigo 5 da LPAC):
 - a) Cinco días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.
 - b) Dez días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
 - c) Sete días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.
3. Sinala o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de:
 - a) Cinco anos contados desde a data de inscrición.
 - b) Dous anos contados desde a data de inscrición.
 - c) Tres anos contados desde a data de presentación das solicitudes de inscrición do poder.
4. Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se concorren varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en:
 - a) Galego.
 - b) Castelán.
 - c) En ambas as dúas por duplicado.
5. Sinala o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, só será obrigatoria:
 - a) En supostos excepcionais debidamente acreditados.
 - b) Cando sexa necesario para a correcta tramitación do expediente.
 - c) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.

6. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.

7. O prazo establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas para que a Administración expida un certificado acreditativo do silencio producido é de:

- a) Quince días contados desde que se solicitou.
- b) Dez días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.
- c) Quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.

8. En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo (artigo 28 da LPAC):

- a) De quince días contados desde a súa solicitude.
- b) Que determine o órgano que o solicite, que en ningún caso poderá ser superior a dez días.
- c) De dez días contados desde a súa solicitude.

9. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados no caso de presentación a través do rexistro electrónico, os días que se considerarán inhábiles determinaraos (artigo 31 da LPAC):

- a) A sede electrónica do rexistro de cada Administración pública ou organismo.
- b) Cada Administración pública ou organismo.
- c) O rexistro xeral de cada Administración pública ou organismo.

10. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común que a Administración poderá conceder, de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Que non exceda da metade destes.
- b) Por un prazo máximo idéntico aos orixinais.
- c) Unicamente naqueles supostos taxados pola propia lei.

11. Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, será efectuada e asinada:

- a) Polo titular da competencia.
- b) Polo titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente.
- c) Pola persoa en quen se delegou a competencia.

12. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarse en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

13. Dispón o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as notificacións por medios electrónicos se entenderán practicadas no momento en que:

- a) O interesado confirme a súa recepción a través dalgúns dos medios postos á súa disposición.
- b) Unha entidade de certificación confirme o envío.
- c) Se produza o acceso ao seu contido.

14. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.

15. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.

16. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:

- a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
- b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
- c) O procedemento administrativo común.

17. En relación co seu ámbito subxectivo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 2 que se lle aplica de maneira supletoria, en defecto da súa normativa específica:

- a) A calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
- b) Ás entidades que integran a Administración local.
- c) Ás universidades públicas.

18. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, cada unha das administracións públicas actúa para o cumprimento dos seus fins con personalidade xurídica:

- a) Propia.
- b) As administracións públicas carecen de personalidade xurídica.
- c) Única.

19. Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva e aplicar o principio de:

- a) Simplicidade, claridade e proximidade.
- b) Proporcionalidade.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

20. Conforme ao disposto no artigo 5 da lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación de calquera órgano administrativo esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Dotación do persoal necesario para a súa posta en marcha e funcionamento.
- b) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.
- c) Delimitación dos seus órganos superiores.

21. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no boletín oficial que corresponda:

- a) Cando unha disposición específica así o estableza.
- b) En ningún caso serán obxecto de publicación.
- c) Serán obxecto de publicación cando se estime conveniente por razón do seu contido.

22. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a resolución de recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto de recurso:

- a) En todo caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- c) Deberá ser aprobada polo superior xerárquico común.

23. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra o acordo de avocación:

- a) Non caberá recurso.
- b) Interporase recurso de reposición.
- c) Interporase recurso de alzada.

24. Conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a encomenda de xestión non poderá ter por obxecto:

- a) A realización de actividades de carácter material.
- b) A realización de actividades de carácter técnico.
- c) Prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público.

25. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a suplencia non implicará alteración da competencia e para a súa validez:

- a) Será necesaria a súa publicación.
- b) Non será necesaria a súa publicación.
- c) Formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio.

26. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente:

- a) E deberá notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- b) Non é necesario notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- c) O órgano administrativo decidirá en cada caso se notifica ou non.

27. Conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, corresponde velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado ao:

- a) Presidente.
- b) Interventor delegado.
- c) Secretario

28. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os acordos dos órganos colexiados serán adoptados:

- a) Por maioría de votos.
- b) Por decisión do presidente e do secretario.
- c) Por decisión do presidente en todo caso.

29. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, poida derivarse dos acordos que adopten os órganos colexiados:

- a) Os membros do órgano que emitan o seu voto a través de medios electrónicos.
- b) Os membros do órgano que voten a favor.
- c) Os membros do órgano que voten en contra ou que se absteñan.

30. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de:

- a) 3 meses.
- b) 20 días.
- c) 3 días.

31. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

32. Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que desempeñan funcións retribuídas ao servizo dos intereses xerais nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei denomínanse:

- a) Traballadores.
- b) Autónomos.
- c) Empregados públicos.

33. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:

- a) O persoal funcionario interino.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal laboral.

34. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o prazo máximo de duración da interinidade para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración non poderá ser superior a:

- a) Tres anos.
- b) Un ano.
- c) Dez anos.

35. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os nomeamentos de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas non poden superar en ningún caso:

- a) O dous por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.
- b) O tres por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.
- c) O vinte por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.

36. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de:

- a) Igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência.
- b) Servizo á cidadanía e aos intereses xerais.
- c) Avaliación e responsabilidade na xestión.

37. De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, prestan servizos retribuídos nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei teñen a condición de:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal interino.
- c) Persoal eventual.

38. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando unha sentenza xudicial firme recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido e a persoa afectada poida ser adscrita a un posto de traballo vacante:

- a) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- b) Non será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- c) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo. A proposta da modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses.

39. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico o:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal interino.
- c) Persoal eventual.

40. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento produce necesariamente:

- a) O cesamento do persoal eventual ao que esta nomease.
- b) O cesamento do persoal laboral temporal ao que esta nomease.
- c) O cesamento do persoal funcionario interino de devandita unidade administrativa.

41. Conforme ao disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, é un requisito xeral para a participación nos procesos selectivos o seguinte:

- a) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- b) Ter cumpridos os catorce anos.
- c) Non ser sancionado mediante expediente disciplinario en ningunha Administración pública.

42. Conforme ao disposto no artigo 107 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a realización de todas as funcións dun posto de traballo ou dalgunha delas fóra das dependencias da Administración pública na que está destinado un empregado público, mediante o emprego das novas tecnoloxías, denomínase:

- a) Teletraballo.
- b) Traballo a distancia.
- c) Horario flexible.

43. Conforme ao disposto no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de falecemento do cónxuxe, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de:

- a) Dous días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de catro días hábiles se se produce en distinta localidade.
- b) Tres días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de cinco días hábiles se se produce en distinta localidade.
- c) Seis días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de doce días hábiles se se produce en distinta localidade.

44. Conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves da parella de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de:

- a) Non ten dereito a ningún permiso por esta causa.
- b) Noventa días naturais.
- c) Trinta días naturais.

45. Conforme ao disposto no artigo 131 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a licenza para supostos de hospitalización prolongada terá unha duración de ata:

- a) Un mes.
- b) Seis meses.
- c) Doce meses.

46. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por acoso:

- a) Toda conduta relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima.
- b) Toda conduta relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo atentar contra a súa dignidade conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.
- c) Toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

47. En base ao artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, non son principios desta lei:

- a) A vida independente.
- b) A normalización.
- c) O dereito á educación.

48. En base ao artigo 5 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas específicas para garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal aplicaranse, ademais de aos dereitos regulados no título I, a:

- a) A educación.
- b) A protección da saúde.
- c) A Administración de xustiza.

49. De acordo co artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade na súa etapa educativa terán dereito:

- a) A unha educación de calidade, con preferencia en centros especiais.
- b) A unha educación inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais.
- c) Á gratuidade do ensino, cando este se desenvolva nos centros especiais.

50. De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, adoptarán as medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade, por razón da súa discapacidade:

- a) Os concellos.
- b) As comunidades autónomas.
- c) As comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.

51. En base ao artigo 1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, enténdese por actividade pública:

- a) Unicamente a desenvolvida polo sector público autonómico.
- b) Unicamente a desenvolvida pola Administración xeral de Galicia.
- c) A desenvolvida cun financiamento público.

52. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:

- a) Principio de accesibilidade universal da información pública, principio de responsabilidade patrimonial e principio de reutilización da información.
- b) Principio de accesibilidade universal da información pública e principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística.
- c) Principio de accesibilidade universal da información pública, principio de responsabilidade e principio de utilización lexítima da información.

53. En base ao artigo 3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións do título I, titulado "Transparencia da actividade pública", serán de aplicación:

- a) Aos partidos políticos.
- b) Ás organizacións sindicais.
- c) Ao Parlamento de Galicia.

54. En base ao artigo 10 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información en materia de persoal, publicaranse:

- a) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- b) A relación de contratos de alta dirección, sen que poidan indicarse as retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- c) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais, sen incluír as indemnizacións previstas ao final do contrato.

55. De conformidade co establecido no artigo 25.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación co dereito de acceso á información pública:

- a) O dereito de acceso á información pública non poderá ser limitado ou denegado.
- b) O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.
- c) O dereito de acceso á información pública poderá ser denegado se se acorda polo órgano administrativo competente.

56. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, é un principio de actuación da comunidade autónoma en materia de igualdade:

- a) A supresión da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias.
- b) A busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.
- c) A adopción de distintas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ao coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes.

57. De acordo co artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para os efectos desta norma, o concepto de discriminación incluírá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual.
- b) Unicamente o acoso sexual.
- c) O acoso moral por razón de xénero non se distingue do acoso sexual.

58. De acordo co artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade entre mulleres e homes:

- a) Considéranse medidas discriminatorias.
- b) Non se considerarán discriminatorias.
- c) Terán carácter permanente.

59. Conforme ao disposto no artigo 5 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación considérase:

- a) Un criterio de actuación da Xunta de Galicia.
- b) Unha función da Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- c) Unha función do Consello Galego das Mulleres.

60. Conforme ao disposto no artigo 47 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no acceso ao emprego público galego analizarase se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino:

- a) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público.
- b) Con anterioridade á convocatoria do proceso selectivo.
- c) Unha vez finalizado o proceso selectivo.

PREGUNTAS DE RESERVA

61. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. A eliminación dos devanditos documentos (artigo 17 da LPAC):

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Deberá ser comunicada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- c) Deberá ser xustificada de acordo co disposto na normativa aplicable.

62. Segundo o artigo 18 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel teñen:

- a) O deber de proporcionarllos á Administración actuante.
- b) O deber de comunicarllo a esa persoa.
- c) O dereito a non declaralo á Administración actuante.

63. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes:

- a) En calquera caso.
- b) Non está prevista a avocación na lei.
- c) Cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente.

64. Conforme ao disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a validez da delegación de sinatura:

- a) Non será necesaria a súa publicación.
- b) Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Publicarase no *Boletín Oficial do Estado*.

65. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, para que poida procederse ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal eventual.
- b) A execución de programas de duración indeterminada que respondan a necesidades permanentes da Administración.
- c) A substitución transitoria das persoas titulares dos postos.